

MODIFICACIÓN DA NORMATIVA INTERNA DE MOBILIDADE

(Aprobada pola Xunta da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo o día 4 de decembro de 2023)

PREÁMBULO

No punto 2.2. do Anexo I da *Resolución reitoral pola que se establecen as bases reguladoras e se aproba a convocatoria de prazas e bolsas Erasmus+ e complementarias para a selección de estudantes no marco do programa Erasmus+ estudos para o curso 2024-2025* establécese que:

“O estudantado matriculado en PCEOs nos que estean implicados máis dun centro da Universidade de Vigo, deberá elixir un dos dous centros e, consecuentemente, rexerase pola normativa de mobilidade correspondente ao centro elixido, que será o responsable da súa mobilidade. O estudantado só poderá optar aos destinos do centro elixido”.

Coa finalidade de adaptar a esta e a vindeiras convocatorias a *Normativa Interna de Mobilidade* da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo da Universidade de Vigo, procédese á seguinte modificación do seu artigo 7.

I. O artigo 7 da *Normativa Interna de Mobilidade*, aprobada pola Xunta da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo o día 8 de xullo de 2021, debe quedar redactado como segue:

“O alumnado matriculado en *Programas Conxuntos de Estudos Oficiais* nos que estea implicado máis dun centro da Universidade de Vigo, deberá elixir un dos dous centros e, consecuentemente, seralle aplicable a normativa de mobilidade do centro elixido, que será o responsable da súa mobilidade. Cando cada centro teña destinos propios, o alumnado só poderá optar aos do centro elixido”.